

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2023, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A AGRUPACIÓN CONSTITUIDA POLAS ENTIDADES FAIBEN FUNDACIÓN DE APOIO Á INFANCIA E AO BENESTAR, MANAIA ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, INSPECTORÍA MARÍA AUXILIADORA E A ASOCIACIÓN CASA DE FAMILIA SANTA JOAQUINA DE VEDRUNA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA", NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

REUNIDOS

Dunha parte:

Dunha banda, dona (...), conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución do 8 de abril de 1991.

E doutra parte:

(...), xerente de Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, con DNI (...), nomeado representante da agrupación formada polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, en virtude da cláusula 3ª.a) do convenio de colaboración asinado polas referidas entidades o día 22 de febreiro de 2023, con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como beneficiaria dunha subvención lle puideran corresponder segundo o artigo 8.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño

As partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que os nenos, nenas e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, establece como principio reitor o recoñecemento, respecto, apoio e protección á familia como medio de transmisión da vida, de solidariedade, de educación e de valores fundamentais e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento persoal e o equilibrio emocional e afectivo.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral con competencias en Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

Quinto .- A protección da infancia en risco ou desamparo motiva, en moitos casos, a asunción da tutela ou da garda por parte da Administración. As leis establecen, en xeral, a prioridade do acollemento familiar sobre o residencial en base ao interese superior deses nenos e nenas que inclúe o seu dereito a vivir e medrar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia. Con todo, na actualidade existe un alto número de nenos e nenas que por varios motivos permanecen en centros residenciais, aproximadamente o 50% das situacións de tutela e garda.

Os centros proporcionan un lugar de residencia e convivencia a nenos, nenas e adolescentes que garante a adecuada cobertura das súas necesidades básicas e o efectivo exercicio dos seus dereitos. Entre eles, as casas de familia ofrecen, ademais, un marco educativo normalizador e integrador adaptado á realidade dos nenos e nenas: núcleos de convivencia máis pequenos, plenamente integrados na comunidade e atención máis personalizada. As entradas e saídas dos nenos e nenas acollidos, en xeral, están marcadas polas súas necesidades educativas e de protección, desfrutando, na medida do posible, de saídas e visitas con pais, nais ou familiares.

Sen embargo, atopámonos con nenos e nenas que, polas súas circunstancias (o contacto coa familia de orixe non é posible ou conveniente para o seu interese superior e non resulta posible o

acollemento en familia extensa), non poden acceder ás visitas e saídas coa familia propia, polo que teñen dificultades para poder vivir experiencias de relación familiar. Estas situacións redundan na fragilidade dos nenos e nenas acollidos nos centros de protección: con nenos e nenas residindo por longas temporadas, situacións cronificadas e sen proxecto de saída claro que, polo paso do tempo e o acceso á maioría de idade, derivan en procesos de autonomía persoal ou reintegración na familia de orixe que aumentan a súa vulnerabilidade persoal.

Sexto. De conformidade co exposto, as entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna asinaron con data 22 de febreiro de 2023 en Vigo un convenio de colaboración constituíndose como agrupación para a posta en marcha en común dunha nova iniciativa do *Programa de Experiencias Familiares de Referencia, en Familia en 2023* co obxectivo de enmarcar e coordinar a colaboración das catro entidades no a fin de sumar os seus esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns.

Estas entidades participan coas súas iniciativas no sistema de protección á infancia e á adolescencia de Galicia, e conforman a agrupación que desenvolve o devandito programa para o presente ano.

Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, desenvolve as funcións de "socio coordinador", como se estipula no referido convenio de colaboración asinado en Vigo o 22/02/2023 entre as entidades que conforman a agrupación para a execución do programa.

As entidades que constitúen a agrupación teñen obxectivos comúns e/ou complementarios en áreas de intervención socio educativa con nenas e nenos en situación de desprotección. Suman esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns.

Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-5197, é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego comprometida coa infancia e a adolescencia en situación de risco e desprotección.

Nos estatutos da fundación, elevados a público o 13/05/2008 en escritura autorizada polo notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, D. (...) co número 1.075 do seu protocolo, consta no seu artigo 6 que o obxecto desta Fundación é a promoción de calquera tipo de iniciativa encamiñada ao desenvolvemento positivo da infancia e da mocidade, co propósito de ofrecer a ámbalas dúas unha asistencia integral, mostrando especial preferencia por aqueles nenos e mozos desprovistos de atención familiar e/ou risco de exclusión social.

Conta con tres Casas de Familia desde as que, a través dun modelo de convivencia familiar e normalizado, se traballa polo dereito dos nenos, nenas e adolescentes a ser membros dunha familia que lles proporcione afecto, seguridade e estabilidade. Ademais, promove outros programas e servizos que apoién e acompañen os procesos dos nenos, nenas e adolescentes na construción dos seus propios proxectos de vida. Dende o ano 2014 conta, en colaboración coa Xunta de Galicia, cun programa de formación para familias que xa dispoñen do certificado de idoneidade para a adopción, tanto nacional como internacional.

Manaia Asociación Galega de Adopción e Acollemento, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6183, é unha entidade sen ánimo de lucro constituída como entidade de natureza asociativa e inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 2006-9774-1, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable.

Nos estatutos da fundación, consta no seu artigo 5 que os fins principais da asociación son:

- a) Fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional, e o acollemento.
- b) Facilitar ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento.
- c) Colaborar coas administracións públicas para facilitar os procesos de adopción e acollemento.

MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, vén desenvolvendo un "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Inspectoría María Auxiliadora foi constituída como entidade de natureza relixiosa, como consta na escritura pública outorgada en Sevilla o 1 de setembro de 2017, e está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6807. Destaca a labor que desenvolve a través das súas plataformas sociais e diversas presenza sociais distribuídas en todo o país: fundacións sociais, programas de inserción laboral, inmigrantes, centros de menores...

A Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, entidade de natureza asociativa constituída mediante escritura fundacional o 1 de xuño de 1995, e inscrita no Rexistro de Asociacións co número 1995/003559-1 (PO), está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-7358. Esta asociación foi constituída coa finalidade de acoller a un grupo de nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda, e ofrecerlles unha asistencia integral, dentro dunha estrutura de vida familiar.

Sétimo. O *Programa de Experiencias Familiares de Referencia, En Familia* pretende proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento. Este programa coa formación inicial e continua contribúe a garantir que as familias acolledoras sexan conscientes do contexto e circunstancias reais dos nenos e nenas.

O acompañamento especializado e intensivo tamén contribúe a procesos proactivos que prevén posibles obstáculos. A metodoloxía do programa permite un alto grao de sensación de seguridade tanto para os nenos, nenas e adolescentes como para as familias, pola súa progresividade e control dos tempos.

O presente programa require do estudo e valoración dos perfís dos nenos, nenas e adolescentes participantes, así como da difusión e formación das familias colaboradoras adecuadas ás necesidades da persoa menor de idade, así como do acompañamento posterior.

O programa, cando sexa conveniente ao interese dos nenos, nenas e adolescentes, promoverá estancias, saídas de fins de semana ou de vacacións con familias colaboradoras.

Oitavo. A Consellería de Política Social e Xuventude considera prioritario potenciar este tipo de actuacións e está interesada en fomentar a execución de programas como o que se describe, a través do cal a agrupación destas catro entidades achega un punto de vista único para desenvolver a actividade do proxecto, debido a que enfocan o seu traballo na consecución do benestar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, co obxectivo de proporcionarlles a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que a dita agrupación é idónea pola súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do

desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias, para o desenvolvemento do *Programa de Experiencias Familiares de Referencia, En Familia*. Ademais, as entidades que a constitúen xestionan casas de familia nas que viven nenos, nenas e adolescentes cun elevado período de internamento.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

O coñecemento singular destas entidades das características e necesidades individuais dos nenos, nenas e adolescentes que se pretende desinstitucionalizar mediante este programa fai que non sexa posible promover a concorrência competitiva á hora de financeiro, dado que é a única agrupación en toda a Comunidade autónoma que o pode levar a cabo.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Xuventude considera idóneo o impulso á agrupación para a execución do "Programa de experiencias familiares de referencia EN FAMILIA" no ano 2023.

Noveno. A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), segundo o Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19; o Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o MRR, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa); o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR; a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR; e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

Décimo. A concesión da subvención a través do convenio está amparado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto encaixa na liña de inversión I2 do proxecto número 2, subproxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia), incluído no Compoñente 22 relativo a "Economía dos cuidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", segundo o anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR) asinado o 27 de agosto de 2021. O citado proxecto nº 7 ten, entre outros obxectivos, a posta en marcha de actuacións de promoción e fomento do acollemento familiar a través de campañas de difusión do acollemento dirixidas directamente ás potenciais familias acolledoras, a través doutras familias que xa teñan experiencia neste recurso, para favorecer o contacto directo e o intercambio real de experiencias que fomenten novas participacións.

En virtude do exposto, as catro partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención, á agrupación constituída polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna, para o desenvolvemento do Programa de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA" mediante o cal se lles facilita aos nenos, nenas e adolescentes un marco referencial de vida nun núcleo pequeno como é a familia, onde a colaboración, a axuda e o respecto posibiliten experiencias que permitan o coñecemento que supón unha relación familiar e que axude a incrementar a súa autoestima e seguridade persoal á vez que amplíe a súa rede relacional.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA A SUBVENCIONAR

Prevese que as persoas beneficiarias ascendan a 22 nenos/as e/ou adolescentes e 150 familias sensibilizadas.

TERCEIRA. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Serán destinatarios das actuacións do programa os nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda asumida pola Xunta de Galicia que se atopen nas seguintes situacións:

- a) Que no seu Proxecto Educativo Individual se contemple a estancia en familia como recurso para a consecución dos seus obxectivos educativos.
- b) Sen familia biolóxica, nin familia extensa, ben por ausencia ou por imposibilidade de facerse cargo.
- c) Provintes de situacións sociais moi carenciais sen referentes adultos.
- d) Con discapacidades psíquicas, físicas, sensoriais ou enfermidades, sen posibilidades de coñecer outra situación máis normalizadora que a de Centros Residenciais.
- e) Que a familia se atope nunha situación social cronicada e que esta non poida facerse cargo deles durante a fin de semana e períodos de vacacións.
- f) Que se atopen nunha situación vital de desmotivación marcada polo seu proceso de longo internamento.
- g) Con proposta de Acollemento Familiar simple en familia allea e que esta proposta non sexa viable debido á idade da nena, neno ou adolescente ou á súa situación persoal ou social.

CUARTA.- OBRIGAS E REQUISITOS DA AGRUPACIÓN DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da agrupación de entidades beneficiarias:

- a) Cumprir os requisitos estipulados no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en relación á agrupación de entidades como beneficiarias da concesión de subvencións.
- b) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidades beneficiarias estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- d) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Xuventude o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Xuventude, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ás catro entidades beneficiarias en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos pola base reguladora da subvención, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo.
- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.

Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, subscrito con data 27 de agosto de 2021, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, as entidades que desenvolven o programa comprométese a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, as entidades que desenvolven o programa farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, e conforme ao establecido no Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. Asemade as entidades deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- k) Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte da agrupación de entidades, das obrigas previstas para cada unha das entidades que a compoñen, segundo o programa (anexo II), así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. A estes efectos, o representante da agrupación de entidades, será o responsable de proporcionar a documentación indicada.

Segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Luita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, á Fiscalía Europea.

- l) Elaborar e publicar unha memoria anual das actividades realizadas, dentro do mes seguinte á finalización da anualidade de execución do convenio, e en todo caso no mes de xaneiro do ano seguinte de execución.
- m) Aceptar a cesión de datos ás Administracións Públicas implicadas nos termos indicados no Anexo III a este convenio de colaboración.
- n) Presentar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), nos termos indicados no Anexo IV.
- o) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021,

deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021.

- p) Coa execución do MRR asumir o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 (Regulamento de taxonomía da UE).

Os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo coa Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

- q) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- r) As catro entidades comprométense a non disolver a agrupación constituída polo convenio de colaboración asinado con data 22 de febreiro de 2023, ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 35 e 63 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Comprométense ademais a impulsar o adecuado funcionamento do programa descrito, colaborando entre si tanto na planificación do servizo como no financiamento do mesmo.

QUINTA.- DEBERES E RESPONSABILIDADES DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

O socio coordinador *Faiben, Fundación de Apoio á infancia e ao Benestar* realizará as seguintes funcións:

- a) Dirixir e supervisar a execución do proxecto.
- b) Coordinar o programa, asumindo directamente as contratacións e gastos necesarios, así como pór a dispor do mesmo os recursos técnicos e materiais que correspondan.
- c) Verificar o cumprimento dos compromisos de cada socio.
- d) Preparar os informes e documentación necesaria para a xustificación do proxecto.

Os socios son responsables de:

- a) Participar nas actividades previstas no proxecto.
- b) Participar nas reunións de coordinación e seguimento do proxecto.

- c) Proporcionar ao socio coordinador a información das actividades e resultados no momento que corresponda.
- d) Informar inmediatamente ao socio coordinador de calquera suceso que poida causar interrupción temporal ou permanente do servizo.
- e) Proporcionar todos os documentos necesarios para un control ou unha auditoría realizada polas autoridades competentes.

SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

1. Para o desenvolvemento do programa a agrupación disporá de persoal especializado nesta área de actuación, segundo o número 11 do programa que figura no Anexo II.

Porán, así mesmo, a disposición do programa, o persoal de dirección e de xestión necesario para garantir a calidade e mellora no seu desenvolvemento.

2. Os recursos humanos precisos para o desenvolvemento do proxecto son: dúas técnicas do Programa a tempo completo, que se encargarán das accións principais, planificación, coordinación, difusión, etc., e un coordinador cunha dedicación do 20% da súa xornada (8 horas semanais). Este equipo complementase coa colaboración das persoas educadoras de referencia en cada Casa de familia das entidades que forman parte da agrupación e co técnico da Asociación Manaia, pola súa parte, para a difusión, sensibilización e captación de familias, así como nas formacións posteriores.

3. Os equipos profesionais que se poñan a disposición deste programa en ningún caso poderán actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude, debendo ser cada unha das entidades que conforman a agrupación as que impartan as oportunas ordes aos seus traballadores e as que ostenten respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de entidades empregadoras.

4. A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan as actividades do programa a subvencionar e a Consellería de Política Social e Xuventude, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1. A Consellería de Política Social e Xuventude financiará o custo derivado da execución en 2023 do programa a subvencionar a través deste convenio cunha contía global de 81.235,90 € con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do PRTR – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 20/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin, distribuído na seguinte anualidade:

Anualidade	2023
Importe	81.235,90 €

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para as entidades conveniantes. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. O pago realizarase en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ao socio coordinador do programa que terá a obriga de distribuír o importe entre o resto das entidades en función das xustificacións presentadas, do seguinte xeito:

Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais ata un máximo de 64.988,72 € para o ano 2023 (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio, do seguinte xeito:

1º. A cantidade de 20.723,59 € (80 % dos 18.000 primeiros euros máis o 10 % dos 63.235,90 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio, co obxecto de que se poidan cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificarase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, a agrupación queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade coas características determinadas no artigo 65.4 f) do dito decreto.

2º. Ata 44.265,13 € pagaranse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar por este convenio para a anualidade 2023.

Os 16.247,18 € restantes (20% da cantidade anual subvencionada) pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A xustificación e pagamento do anticipo e das restantes partidas descritas no punto anterior, realizaranse de acordo coa distribución por entidades que figura no Anexo I.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse segundo os orzamentos especificados para o ano 2023, de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Para proceder ao pagamento a agrupación debe presentar, por cada unha das entidades que a conforman, unha xustificación na que detalle con claridade as actividades financiadas do programa realizadas por cada unha delas. A tal efecto debe presentarse:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con data límite de

xustificación, o 20 de decembro de 2023.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior. As mesmas serán cotexadas por parte da entidade que asume a representación da agrupación ao ser a encargada do control da documentación presentada.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar cada unha das entidades beneficiarias cando o importe do gasto de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou gastos anteriores á sinatura do convenio que se teñan realizados dentro do período que abrangue este.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais das persoas traballadoras que participen no programa, a agrupación deberá presentar, referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios

3º. Documentos 'Relación Nominal de Traballadores' e o documento de 'Relación de liquidación de cotizacións' correspondentes aos meses imputados

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

Estes xustificantes non serán esixibles para aqueles gastos realizados no derradeiro mes do ano de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible, dentro do prazo de xustificación, por causas non imputables á agrupación. Nestes casos será suficiente coa presentación do resto da documentación requirida. Tampouco será esixible, no momento da xustificación, presentar os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para do mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de cada ano.

A agrupación comprométese á presentación da Relación Nominal de Traballadores e da Relación de liquidación de cotizacións para o mes de decembro, así como os impresos de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre e dos respectivos xustificantes de pago que non se poidan presentar no momento da xustificación final, unha vez obren no seu poder.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano de execución do programa, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude con data límite 23 de decembro do ano 2023 para a execución do programa subvencionado polo convenio.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico/a, cando este/a dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas. No caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación á realización destas actuacións. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada, en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que os complementos extrasalariais ou as indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que a substitúa.
- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa de cada entidade en cuxo caso a agrupación deberán achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF de cada entidade.

2º. DNI ou NIE da persoa que represente a cada unha.

3º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á agrupación a presentación dos documentos correspondentes.

e) A agrupación no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

f) O gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente ata o 31 de decembro de 2023 coa data límite de xustificación ao 23 de decembro de 2023.

A agrupación terá como prazo límite o 31 de xaneiro de 2024 para remitir á Consellería de Política Social e Xuventude a través da dirección xeral con competencias en Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, unha memoria final conxunta de actuación do exercicio 2023, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluírá: o número de persoas atendidas (nenos, nenas e adolescentes e familias atendidas), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

NOVENA.- FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESES

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>), nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo.

Serán tamén de aplicación as medidas do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 10 de decembro de 2021, <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf>.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, que foi asinado o 12 de xaneiro de 2022, https://transparencia.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1792070&name=DLFE-47388.pdf.

DÉCIMA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma

finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe total non poderá ser superior ao importe do programa.

Queda prohibida a dobre financiación (artigo 188 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro). As reformas e os proxectos de inversión financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021).

DÉCIMO PRIMEIRA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

2. Os datos persoais e os consentimentos das persoas interesadas recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

3. O tratamento dos datos no procedemento de concesión da subvención baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

4. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. As entidades que forman a agrupación serán responsables do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, tratarán os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teñan acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

7. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

8. A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, proposta de modificación e resolución ou efectos que poidan xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

a) Dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, que serán a persoa titular da subdirección xeral con competencias en Política Familiar, Infancia e Adolescencia que actuará como presidente/a da comisión, e a persoa titular do servizo con competencias en protección á infancia e á adolescencia. Os respectivos suplentes serán designados pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

b) Un representante da entidade que lidera a coordinación do programa e, no seu caso, o respectivo suplente, designado pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e, no seu caso o seu respectivo suplente designados pola persoa titular da Consellería a proposta da Dirección Xeral.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, no marco da concesión da subvención pública. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social e Xuventude.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste programa que se realicen pola agrupación desde o 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos percibidos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o programa obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir á agrupación o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a dita entidade procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.



Todas as entidades se comprometen a non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEXTA.- COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan dixitalmente este convenio.

Pola Consellería de Política Social e Xuventude

Pola Agrupación

A Conselleira de Política Social e Xuventude

O representante da agrupación

(...)

(...)

ANEXO I

Orzamento – PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA"			
Orixes dos fondos			
	custe total	% imputado ao programa	custe do programa
Gastos de persoal			
Técnica Programa zona Pontevedra-Ourense	30.048,18 €	100,00%	30.048,18 €
Técnica Programa zona A Coruña-Lugo	30.048,18 €	100,00%	30.048,18 €
Coordinador	43.527,00 €	20,00%	8.705,40 €
68.801,76 €			
Gastos correntes			
Supervisión externa	1.200,00 €	100,00%	1.200,00 €
Formadoras	1.440,00 €	100,00%	1.440,00 €
Aluguer equipamento informático (audio, vídeo e impresión)	546,00 €	100,00%	546,00 €
Material de difusión	600,00 €	100,00%	600,00 €
3.786,00 €			
Dietas e gastos de viaxes			
Transporte e desprazamentos	5.416,00 €	100,00%	5.416,00 €
5.416,00 €			
Xestión e administración			
Aluguer Local	5.535,12 €	25,00%	1.383,78 €
Asesoría	8.104,56 €	8,00%	648,36 €
Custos xerais (teléfono, material de oficina, mantemento, etc)	1.200,00 €	100,00%	1.200,00 €
3.232,14 €			
			81.235,90 € 100,00%

Orzamento – PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA"							
Distribución por entidades							
	custe total	% imputado ao programa	custe do programa	Faiben	Mª Auxiliadora	Vedruna	Manaia
Gastos de persoal							
Técnica Programa zona Pontevedra-Ourense	30.048,18 €	100,00%	30.048,18 €	30.048,18 €			
Técnica Programa zona A Coruña-Lugo	30.048,18 €	100,00%	30.048,18 €	30.048,18 €			
Coordinador	43.527,00 €	20,00%	8.705,40 €	8.705,40 €			



68.801,76 €							
Gastos correntes							
Supervisión externa	1.200,00 €	100,00%	1.200,00 €				1.200,00 €
Formadoras	1.440,00 €	100,00%	1.440,00 €		1.440,00 €		
Aluguer equipamento informático (audio, vídeo e impresión)	546,00 €	100,00%	546,00 €			546,00 €	
Material de difusión	600,00 €	100,00%	600,00 €	600,00 €			
3.786,00 €							
Dietas e gastos de viaxes							
Transporte e desprazamentos	5.416,00 €	100,00%	5.416,00 €	5.416,00 €			
5.416,00 €							
Xestión e administración							
Aluguer Local	5.535,12 €	25,00%	1.383,78 €	1.383,78 €			
Asesoría	8.104,56 €	8,00%	648,36 €	648,36 €			
Custos xerais (teléfono, material de oficina, mantemento, etc)	1.200,00 €	100,00%	1.200,00 €	1.200,00 €			
3.232,14 €							
			81.235,90 €	78.049,90 €	1.440,00 €	546,00 €	1.200,00 €
			100,00%	96,08%	1,77%	0,67%	1,48%
			100,00%				

ANEXO II. PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA

DESCRICIÓN

O proxecto pretende proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento.

Trátase de ofrecer a eses nenos, nenas e adolescentes un marco referencial de vida nun núcleo pequeno como é a familia, onde a colaboración, a axuda e o respecto posibiliten experiencias que permitan o coñecemento que supón unha relación familiar e que axude a incrementar a súa autoestima e seguridade persoal á vez que amplíe a súa rede relacional.

O presente proxecto aborda as necesidades non cubertas de nenos, nenas e adolescentes para os que non se prevé unha solución familiar, evitando no posible unha estancia longa nun recurso residencial. O seu funcionamento require do estudo e valoración dos perfís dos nenos, nenas e adolescentes participantes, así como da difusión, captación, formación e valoración das familias colaboradoras adecuadas ás necesidades da persoa menor de idade, así como do acompañamento posterior.

XUSTIFICACIÓN

A protección da infancia en risco ou desamparo motiva, en moitos casos, a asunción da tutela ou da garda por parte da Administración. As leis establecen, en xeral, a prioridade do acollemento familiar sobre o residencial en base ao interese superior deses nenos e nenas que inclúe o seu dereito a vivir e crecer nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia.

Con todo, a realidade amósanos que na actualidade existe un alto número de nenos e nenas que por varios motivos permanecen en centros residenciais; aproximadamente o 50% das situacións de tutela e garda¹.

Os centros proporcionan un lugar de residencia e convivencia a nenos, nenas e adolescentes que garante a adecuada cobertura das súas necesidades básicas e o efectivo exercicio dos seus dereitos. Entre eles, as casas de familia ofrecen, ademais, un marco educativo normalizador e integrador adaptado á realidade dos nenos e nenas: núcleos de convivencia máis pequenos, plenamente integrados na comunidade e atención máis personalizada.

As entradas e saídas dos nenos e nenas acollidos, en xeral, están marcadas polas súas necesidades educativas e de protección, desfrutando, na medida do posible, de saídas e visitas con pais, nais ou familiares.

Sen embargo, atopámonos con nenos e nenas que, polas súas circunstancias (sen contacto familiar protector estable nin acceso ao acollemento en familia extensa), non poden acceder ás visitas e saídas coa familia propia e, polo tanto, teñen dificultades para poder vivir experiencias de relación familiar.

¹ Conforme a Estatística de protección de menores 2019 da Xunta de Galicia, <https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/estadistica-de-proteccion-de-menores>, dos 1.843 nenos e nenas en situación de tutela en 2019 en Galicia, só o 891 accedieron ao acollemento familiar.

Estas situacións redundan na fragilidade dos nenos e nenas acollidos nos centros de protección: con nenos e nenas residindo por longas temporadas, situacións cronificadas e sen proxecto de saída claro que, polo paso do tempo e o acceso á maioría de idade, derivan en autonomía persoal ou reintegración familiar sen condicións de protección, especialmente nos de maior idade (12 a 17 anos).

Neses casos, ademais, o acceso ao acollemento familiar non resulta posible, ben polo excesivo tempo de tramitación, pola ausencia de familias apropiadas ou ben polas propias características dos nenos e nenas (de idades avanzadas, grupos de irmáns que poden ser numerosos, nenas ou nenos con condutas conflitivas ou con necesidades educativas especiais...), o que de feito acaba privándoos da experiencia dun ambiente familiar normalizado.

Ao mesmo tempo, existen familias que, unha vez explicadas as circunstancias e necesidades das nenas, nenos e adolescentes vulnerables, e a disposición técnica de formación e acompañamento, móstranse dispostas a colaborar co proceso educativo deses nenos, nenas e adolescentes durante os períodos e formatos necesarios.

ENTIDADES PROMOTORAS

Con data 19 de outubro de 2021, Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora e a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de enmarcar e coordinar a colaboración das catro entidades no “Programa de Experiencias Familiares de Referencia” a fin de sumar os seus esforzos para establecer camiños de actuación que favorezan e incrementen o beneficio mutuo, aproveitando ao máximo os seus recursos para a consecución dos obxectivos comúns. En virtude da cláusula 3ª.a) foi nomeado (...), xerente de Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, como representante da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como agrupación beneficiaria, lle puideran corresponder segundo o artigo 8.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

A agrupación está constituída por entidades de iniciativa social que teñen obxectivos comúns e complementarios nas áreas de intervención socio educativa con nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección.

As tres primeiras dispoñen de centros residenciais, casas de familia, nos que son atendidos en réxime de acollemento residencial e/ou de atención de día, nenas, nenos e adolescentes con medida de protección. O exercicio da garda implica tamén as obrigas de velar, ter na súa compañía, alimentar, educar e procurar unha formación integral ás nenas, nenos e adolescentes coa finalidade de promover o seu desenvolvemento persoal normalizador e a súa integración social. As tres entidades contan cunha ampla traxectoria no ámbito da protección, con profesionais con máis de 40 anos de experiencia.

Doutro lado, a Asociación Galega de Adopción e Acollemento Manaia leva xa 15 anos traballando en adopción, e os últimos 3 tamén en acollemento, ofrecendo ás familias de Galicia espazos de atención, información e formación. Con 104 familias socias é a asociación máis numerosa e activa de todo o territorio galego.



As catro entidades promotoras do Programa unen os seus esforzos e recursos asumindo dous principios fundamentais no traballo cos nenos, nenas e adolescentes:

- a consideración primordial do interese superior do neno ou nena sobre calquera outro que se estime lexítimo.
- a condición de carácter educativo que toda medida de amparo debe ter con respecto aos mesmos.

Aos efectos, as ditas entidades asinaron o 19/10/2021 un convenio de colaboración, renovado o 24 de febreiro de 2023, co obxecto de constituírse nunha agrupación para desenvolver o programa de experiencias familiares de referencia "En Familia". Para o desenvolvemento no documento establécese a posición de Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar como coordinadora do dito programa asumindo as seguintes funcións:

- a) Dirixir e supervisar a execución do proxecto.
- b) Coordinar o programa, asumindo directamente as contratacións e gastos necesarios, así como poñer ao dispor do mesmo os recursos técnicos e materiais que correspondan.
- c) Verificar o cumprimento dos compromisos de cada socio.
- d) Preparar os informes e documentación necesaria para a xustificación do proxecto.

Os resto das entidades son responsables de:

- a) Participar nas actividades previstas no proxecto.
- b) Participar nas reunións de coordinación e seguimento do proxecto.
- c) Proporcionar ao socio coordinador a información das actividades e resultados no momento que corresponda.
- d) Informar inmediatamente ao socio coordinador de calquera suceso que poida causar interrupción temporal ou permanente do servizo.
- e) Proporcionar todos os documentos necesarios para un control o unha auditoría realizada polas autoridades competentes.

Todas as entidades responderán solidariamente no caso de reintegro ou sanción derivada da subvención, comprometéndose a non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

REFERENCIAS LEGAIS

Convención da ONU sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989, na Resolución (77) 33 do 3 de novembro de 1977 do Consello de Europa sobre acollida de menores, e nas Directrices sobre as modalidades alternativas de coidado dos nenos aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 2009.

Real Decreto do 24 de xullo de 1889, do Código Civil. En especial, o artigo 172 ter.3, que recolle a delegación de garda para estancias, saídas de fin de semana ou vacacións.

Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Obxectivo xeral

Mellorar a vivencia da vida familiar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial a través de experiencias familiares de referencia.

Obxectivos específicos

OE1. Manter as experiencias de referentes familiares protectoras para as nenas, nenos e adolescentes promovidas con anterioridade polo programa.

OE2. Conseguir que novas nenas, nenos e adolescentes dispoñan de referentes familiares protectores.

OE3. Mellorar a adquisición e a práctica de habilidades de convivencia en familia dos nenos, nenas e adolescentes.

OE4. Incorporar novas familias colaboradoras ao sistema de protección.

Actividades

1. Identificación de nenas, nenos e adolescentes susceptibles de participar no programa.

Inclúe a valoración dos nenos, nenas e adolescentes susceptibles de participar no programa e proposta á entidade titora.

2. Difusión, sensibilización e captación de familias

Inclúe a difusión e organización de sesións informativas sobre a modalidade de estancia dos nenos, nenas e adolescentes con familias colaboradoras, así como a recepción das solicitudes das familias.

3. Formación a familias.

Inclúe a planificación e realización da formación inicial ás familias interesadas (de 16 horas), previa á valoración. A importancia da formación previa á valoración vese no estudio a familias que se ofrecen para a adopción e que reciben formación de Faiben, o 25% muda o seu ofrecemento.

4. Valoración de familias colaboradoras

Inclúe a realización de entrevistas a familias e conclúe coa valoración orientada a determinar a posible participación da familia no programa.

5. Estudo de compatibilidade e proposta de asignación familia-neno/a.

Inclúe a análise dos perfís das familias valoradas positivamente e dos nenos e nenas participantes para unha valoración conxunta. Finaliza cunha preselección dunha familia para un neno ou nena concreto.

6. Experiencias familiares de referencia.

Inclúe a elaboración de plans de traballo e o acompañamento nas fases de adaptación e contactos e saídas regulares ou do formato de convivencia máis axeitado en cada caso.

Igualmente, require da organización da formación continua para as familias colaboradoras e a realización dos informes de seguimento correspondentes en coordinación cos recursos residenciais.

7. Supervisión externa.

Inclúe a supervisión por parte dun profesional externo con ampla experiencia no desenvolvemento de programas relacionados ou semellantes ao presentado noutras comunidades autónomas, co obxectivo de revisar o traballo profesional e contrastar os marcos teóricos e conceptuais coa práctica diaria. O núcleo da supervisión son os profesionais e o modelo de intervención.

Cronograma de actividades

	xan	feb	mar	abr	mai	xun	xull	ago	set	out	nov	dec
Reunións de formación e coordinación												
Identificación de nenas, nenos e adolescentes												
Difusión, sensibilización e captación de familias												
Valoración, preparación e proposta de familias colaboradoras												
Formación a familias colaboradoras												
Estudo de compatibilidade e proposta de asignación familia-neno/a												
Experiencias familiares temporais en períodos de vacacións e de fin de semana												
Supervisión externa												

POBOACIÓN BENEFICIARIA

Directa

Nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda pola Xunta de Galicia que se atopen nas seguintes situacións:

- Nenos, nenas e adolescentes nos que dentro do seu Proxecto Educativo individual (PEI) se contempla a súa estancia en familia como recurso para a consecución dos seus obxectivos educativos.
- Nenos, nenas e adolescentes sen familia biolóxica, nin familia extensa, ben por ausencia ou por imposibilidade de facerse cargo.
- Nenos, nenas e adolescentes que non teñen practicamente ningunha oportunidade de convivir en ambientes familiares porque proveñen de situacións sociais moi carenciais e na maioría de casos non teñen referentes adultos, ademais dos educadores, mestres ou monitores.
- Nenos, nenas e adolescentes con discapacidades psíquicas, físicas, sensoriais ou enfermidades, sen posibilidades de coñecer outra situación máis normalizadora que a de Centros Residenciais dependentes da Administración Pública, tanto na súa etapa de neno/a ou adolescente, como na de persoa adulta.
- Nenos, nenas e adolescentes cuxa familia se atope nunha situación social cronificada e que esta non poida facerse cargo deles durante a fin de semana e períodos de vacacións.
- Nenos, nenas e adolescentes con desmotivación marcada polo seu proceso de longo internamento.
- Nenos, nenas e adolescentes con proposta de Acollemento Familiar en familia allea e cuxa proposta non fora viable ata o de agora debido á súa idade, a súa pertenza a grupo de irmáns ou á súa situación persoal ou social.

Indirecta

Familias que se ofrecen para acoller aos nenos, nenas e adolescentes cunha motivación clara para complementar o proceso educativo destes cando son usuarios dos recursos residenciais.

Supoñen o recurso básico para desenvolver o programa e deberán:

- Colaborar no proceso educativo do neno/a.
- Comprender e respectar as orixes da nena/o así como a visión vivencia que ten da súa familia. A información sobre a vida da nena/o, terá que ser tratada con moito respecto, coñecendo o dereito que teñen á súa intimidade. Así mesmo, a familia colaboradora terá que estar informada sobre a normativa sobre a protección de datos cara ás nenas/os e adolescentes atendidos.

- Estar motivadas para participar no acompañamento ao proceso educativo das nenas e nenos que viven nos centros residenciais, manifestando a dispoñibilidade de manter unha relación de continuidade co mozo ou moza.
- Dispoñer dunhas características afectivas, relacionais e convivenciais, así como duns recursos culturais, educativos e económicos que permitan que a estancia da nena ou neno con eles sexa satisfactoria para o seu desenvolvemento persoal e social.
- Aceptar un proceso de estudo e valoración. Haberán de ser conscientes de que a súa colaboración se integra nun proceso global de atención á nena/neno e ao adolescente que vive nun centro residencial, polo que a súa colaboración terá que ser harmónica e coherente en relación co mencionado proceso.

INCIDENCIA PREVISTA

En relación cos nenos, nenas e adolescentes participantes, prevese a mellora das súas ferramentas e habilidades de relación familiar que lles permitan dotarse das capacidades necesarias para a reintegración familiar, sexa na familia de orixe ou en familia allea, ou o acceso á vida autónoma. Os resultados do proxecto en 2021 e 2022 demostran que as experiencias contribúen ao desenvolvemento e integración social das persoas participantes mediante a creación de referencias familiares estables de contención e afectividade, así como a facilitación por parte das familias de novas relacións sociais na súa contorna.

Doutro lado, a sensibilización xunto coa mellora das competencias socio educativas das familias participantes, contribúe indirectamente a un aumento do número de familias colaboradoras que se poidan incorporar a outros tipos de acollemento familiar.

A estimación de participantes resulta complexa ao tratarse dun proxecto innovador no sistema de protección galego. Con todo, tras dous anos de funcionamento, a previsión para 2023, é de afianzamento e aumento do alcance do mesmo, en todos os aspectos:

- O alcance da sensibilización e información a familias estímase en 150 familias alcanzadas, tendo en conta a implantación e traballo en rede de Manaia e o resto de socios do programa. Delas, prevese a participación nas sesións informativas dunhas 50 familias.
- A participación de nenas, nenos e adolescentes no programa estímase en 22, dos que aproximadamente 10 serían novas incorporacións no ano 2023.

Por outro lado, respecto á identificación de nenas e nenos susceptibles de participar no programa, garántese a análise do 100% dos perfís das nenas e nenos derivados.

INDICADORES PREVISTOS PARA AVALIAR O PROGRAMA

Obxectivos	Indicadores	Resultado esperado
OE1. Manter as experiencias de referentes familiares protectores para as nenas, nenos e adolescentes promovidas con anterioridade polo programa.	I1. Porcentaxe de nenas ou nenos que se manteñen en experiencias temporais en familias alleas.	90% das nenas e nenos.

OE2. Conseguir que novas nenas, nenos e adolescentes dispoñan de referentes familiares protectores.	I2. Número de nenas ou nenos con experiencias en familias alleas.	10 nenas e nenos.
OE3. Mellorar a adquisición e a práctica de habilidades de convivencia en familia dos nenos, nenas e adolescentes.	I3. Porcentaxe de participantes que melloran os obxectivos establecidos nos PEI para o ámbito familiar	75% dos participantes.
OE4. Incorporar novas familias colaboradoras ao sistema de protección.	I4.1 Número de familias valoradas positivamente.	20 familias valoradas.
	I4.2 Número de familias colaboradoras que integran algún neno ou nena.	10 familias colaboradoras.

LOCALIZACIÓN TERRITORIAL DO PROGRAMA

Provincia	Localidade/s	Persoas beneficiarias
A Coruña	A Coruña, Santiago, Ribeira e arredores	3 a 4 nenas/os e 3 a 4 familias colaboradoras
Lugo	Lugo e arredores	2 a 3 nenas/os e 2 a 3 familias colaboradoras
Ourense	Ourense e arredores	2 a 3 nenas/os e 2 a 3 familias colaboradoras
Pontevedra	Pontevedra, Vigo, Caldas de Reis e arredores	14 a 16 nenas/os e 14 a 16 familias colaboradoras
A Coruña	A Coruña, Santiago, Ribeira e arredores	50 familias sensibilizadas (150 persoas)
Lugo	Lugo e arredores	25 familias sensibilizadas (75 persoas)
Ourense	Ourense e arredores	25 familias sensibilizadas (75 persoas)
Pontevedra	Pontevedra, Vigo, Caldas de Reis e arredores	50 familias sensibilizadas (150 persoas)

Entidades executantes ou membros das agrupacións:

Provincia	Localidade/s	Entidade que realiza o programa	Persoas beneficiarias
A Coruña	A Coruña, Santiago, Ribeira e arred.	Faiben	50 fam. (150 pers.) / 4 nenas/os
Lugo	Lugo e arredores	Manaia	25 fam. (75 pers.) / 2 nenas/os
Ourense	Ourense e arredores	Manaia	25 fam. (75 pers.) / 2 nenas/os
Pontevedra	Pontevedra e arredores	Manaia	20 fam. (60 pers.)
Pontevedra	Vigo e arredores	Faiben	30 fam. (90 pers.) / 9 nenas/os
Pontevedra	Vigo	Asoc. CDF. Sta. Joaq. de Vedruna	3 nenas/os
Pontevedra	Caldas de Reis	Insp. M ^a Auxiliadora	4 nenas/os

METODOLOXÍA

Proceso de captación e valoración das familias colaboradoras

Captación. A persoa responsable do Programa de Experiencias Familiares de Referencia fará difusión e organizará sesións informativas sobre a modalidade de estancia temporal dos nenos, nenas e adolescentes con familias colaboradoras no proceso educativo. As sesións incidirán na centralidade das persoas menores como suxeitos de dereitos, orientando a toma de decisións no seu interese superior.

Solicitud. A agrupación recibe as solicitudes das familias susceptibles de colaboración nos procesos educativos dos nenos, nenas e adolescentes.

Proceso de valoración. Coa solicitude iníciase o proceso para a valoración da familia, que require dun coñecemento máis profundo da dinámica familiar, motivacións, as capacidades educativas e afectivas e recursos socio-económicos e culturais.

Para acadar este coñecemento é precisa a participación da familia nunha formación inicial organizada pola agrupación así como a realización de entrevistas individuais.

Ao final do proceso, a agrupación realiza unha valoración orientada a determinar a súa posible participación no programa, que comunicará á propia familia. No caso de ser negativa, se é o caso, sería posible a realización dun novo proceso formativo e valorativo, a xuízo da agrupación.

Proposta do neno ou do adolescente

Os centros residenciais considerarán os nenos, nenas e adolescentes, que vivan en cada un deles, susceptibles de participar no programa.

A proposta contará coa participación dos nenos, nenas e adolescentes implicados, que serán oídos se tivesen suficiente madurez e, en todo caso, se fosen maiores de doce anos.

Valoración conxunta/cruzada

A agrupación analizará e completará se é necesario os perfís para unha valoración conxunta das solicitudes, co fin de identificar o perfil idóneo da posible familia colaboradora compatible coa realidade do neno ou nena (territorio, composición da familia, formación e preparación realizada por esta, expectativas...).

Valoradas as alternativas, a agrupación realizará unha preselección dunha familia para un neno ou nena concreto e llo exporá á familia colaboradora, que poderá aceptar ou non.

Plan de traballo

A agrupación encargarse de impulsar e acompañar o proceso de coñecemento, acoplamento e colaboración entre os nenos, nenas e familias.

A agrupación, en coordinación co recurso residencial, elabora o plan de traballo, no que constarán os períodos de saídas e estancia do neno ou nena coa familia colaboradora. O plan recollerá tamén unha fase previa de adaptación e primeiros contactos e saídas entre a familia colaboradora e o neno, antes de establecer a periodicidade das saídas.

O éxito do plan de traballo require da mellor información e preparación previa de ambas partes. A unificación de criterios educativos entre as persoas intervinientes no plan faise imprescindible para ofrecer tanto ao neno, nena ou adolescente como ás familias expectativas reais. A familia terá que coñecer as liñas educativas xerais que traia a nena/neno ou adolescente no seu Proxecto Educativo Individual no centro de orixe, para evitar respostas educativas contraditorias. O neno, nena ou adolescente necesitan dun criterio de realidade que os sitúe no seu contexto actual e que os permita gozar do momento de estancia coa familia, sentíndose ao tempo escoitados e respectados nas súas expresións e manifestacións.

A agrupación encargarse de informar e acompañar as familias durante o proceso, mentres que os centros residenciais farán o propio preparando e acompañando os nenos ou nenas.


Acompañamento e formación continua

A familia que desexe colaborar neste proxecto ten que aceptar o seguimento que a agrupación e o gardador farán conxuntamente da estancia do neno ou nena na familia colaboradora. En concreto, o acompañamento á familia asumirase desde a agrupación mentres o seguimento do PEI na área familiar realizarase desde o recurso residencial de referencia.

No caso de incidencias durante as estancias, emitiranse tamén os respectivos informes, podendo chegar a interromperse a estancia a criterio da agrupación ou do centro se fose preciso.

Fóra do tempo de estancia autorizado deixarase a criterio do gardador, en función do PEI da nena/neno, que tipo de relación poderá manterse entre a nena/o e a familia (aniversarios, celebracións ou festas...).

No caso de que a familia ou a nena/o non desexen continuar coa estancia temporal, realizarase un proceso de saída acompañado desde a agrupación e o centro residencial. Nese suposto, a familia terá que manifestar por escrito a súa decisión. A colaboración poderá finalizar tamén por acceso á maioría de idade, finalización da tutela ou cambio de medida de protección, por desexo do neno ou nena ou por valoración técnica en función da súa evolución.



Avaliación

O proxecto contará cunha avaliación continua que se realizará do seguinte xeito:

- Avaliación cuantitativa e cualitativa semestral de indicadores de consecución de obxectivos nos plans de colaboración.

- Avaliación cuantitativa semestral de indicadores de consecución de obxectivos nos proxectos educativos individuais (PEI) dos nenos e nenas.
- Avaliación cuantitativa semestral de posibles incidencias.
- Avaliación cualitativa anual a través de enquisas de medición de satisfacción de clientes do propio programa.

Supervisión externa

Asemade, o proxecto incluírá a supervisión externa por parte dunha entidade experta, co obxectivo de mellorar a intervención e os procedementos utilizados a través dun espazo de revisión que permita o contraste de ideas en situación de reflexión pausada e obxectiva, en liña cos modelos teóricos de referencia.

RECURSOS HUMANOS, TÉCNICOS E MATERIAIS

Os recursos humanos precisos para o desenvolvemento do proxecto, que serán contratados pola Fundación Faiben, son dúas técnicas do Programa a tempo completo, que se encargarán das accións principais, planificación, coordinación, difusión, etc., e un coordinador cunha dedicación do 20% da súa xornada (8 horas semanais).

O equipo humano do proxecto complementábase coa colaboración das persoas educadoras de referencia en cada recurso residencial -persoal propio de cada entidade-, encargadas do traballo educativo cos nenos e nenas no centro, a coordinación e o seguimento ás familias colaboradoras correspondentes e co técnico da Asociación Manaia, pola súa parte, para a difusión, sensibilización e captación de familias, así como nas formacións posteriores.

Para a formación a familias cóntase coa colaboración externa dunha profesional terapeuta, experta en situacións de trauma e acompañamento en procesos de acollemento familiar e adoptivo. Da prestación dos seus servizos encárgase a Inspectoría María Auxiliadora.

Para a supervisión cóntase cunha entidade externa experta. Da prestación dos seus servizos encárgase a Asociación Manaia.

Para as actividades de difusión, sensibilización e formación será necesario o aluguer dun equipo informático, que proporcionará a Asociación Casa de Familia Sta. Joaquina de Vedruna.

A Fundación Faiben dispón dos recursos técnicos e materiais necesarios para a planificación e coordinación do Programa e dispón dunha oficina de referencia e aula de formación, en réxime de aluguer.

ANEXO III

Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do PRTR

Don/Dona....., DNI....., como representante da agrupación constituída para executar o Programa de experiencias familiares de referencia "En Familia", e domicilio fiscal en

beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como cotitular do programa de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA" no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento I2 do proxecto número 2, subproxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no Compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control e para dispor de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, solicitar e asegurar o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- i. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- ii. unha lista de medidas para a execución do programa no marco do PRTR, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro) e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

..... de de 202.....

Asdo.

Cargo:

ANEXO IV

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do PRTR

Don/Dona, con DNI, como representante da agrupación constituída para executar o Programa de experiencias familiares de referencia "En Familia", con, e domicilio fiscal en na condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR en relación co programa de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA", no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento I2 do proxecto número 2, subproxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído non Compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do no significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo: